



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de decembro 2024, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas e polo programa tardes no cole do curso 2024/2025, por un importe total de 1685 € e 150€ respectivamente.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Castroverde, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0158

O CORGO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

Por Resolución da Alcaldía do 8 de xaneiro de 2025 aprobouse a oferta de emprego público deste Concello para o ano 2025, que contén as prazas que se citan de seguido:

Corporación: Concello do Corgo

Número de Código: 27014

PERSOAL LABORAL FIXO

Nº DE PRAZAS	DENOMINACIÓN	XORNADA	DENOMINACIÓN DO POSTO NA RPT
1	Auxiliar de axuda no fogar	Xornada Completa	Auxiliar de axuda no fogar nº 2 en RPT. (Servizos Sociais Comunitarios básicos)
1	Operario de servizos múltiples	Xornada Completa	Operario de servizos múltiples

A execución desta oferta de emprego público debe realizarse dentro do prazo improrrogable de tres anos, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no correspondente Diario Oficial.

O que se fai público, en cumprimento do disposto nos artigos 91.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Contra a referida resolución, poderase interpoñer, potestativamente o recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da referida notificación ou interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación, sen poder simultanear ambos os dous, conforme se dispón nos arts. 123

e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndolle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

O Corgo, 21 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0159

Anuncio

APERTURA DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA O ALUGUER DUNHA VIVENDA SOCIAL SITA EN FRANQUEÁN (O CORGO) NO PRIMEIRO ANDAR.

O Concello abre un prazo de dous meses, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para que as persoas interesadas que reúnan os requisitos esixidos poidan presentar unha solicitude para participar no procedemento competitivo e de libre concorrencia para alugar a vivenda social sita na antiga vivenda de mestres de Franqueán (rehabilitada con fondos propios e coa axuda concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do IGVS).

O aluguer da vivenda será por un período máximo de cinco anos (3 anos e 2 prórrogas) e por un prezo de 193,24 € ao mes.

Os requisitos dos demandantes do aluguer da referida vivenda son:

- a) O solicitante —ou a unidade de convivencia na que estea integrado— deberá acreditar uns ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM para o ano 2025 (8.400 €/14 pagas).
- b) Nin o solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia terá unha vivenda en propiedade, ou téndoa non dispoña do seu uso e desfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.
- c) Acreditar o grao de integración social. En concreto, non deberá ter antecedentes por incumprimento reiterado das normas de convivencia. A estes efectos, poderán ser excluídas aquelas persoas ou unidades familiares que en virtude do informe emitido polos servizos sociais, conste que incumpriron reiteradamente as normas da comunidade.

As bases reguladoras deste procedemento competitivo e de libre concorrencia para alugar unha vivenda social en Franqueán serán as publicadas no BOP de Lugo nº 173, de 29 de xullo de 2023, coas seguintes modificacións aprobadas por resolución da alcaldía de 20 de xaneiro de 2025:

- ✓ Na base «I.- Obxecto.» onde di: «Maceda, cunha axuda da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda, mediante resolución de 23 de decembro de 2020» debe dicir: «Franqueán, cunha axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do IGVS, mediante resolución de 10 de abril de 2023».
- ✓ Na base «III.- Requisitos dos demandantes do aluguer da referida vivenda», onde di: «a) O solicitante -ou unidade de convivencia na que estea integrado- deberá acreditar uns ingresos inferiores 2,5 veces o IPREM para o ano 2022.» debe dicir: «a) O solicitante -ou unidade de convivencia na que estea integrado- deberá acreditar uns ingresos inferiores 2,5 veces o IPREM para o ano 2025 (8.400 €/14 pagas).»
- ✓ No apartado 3 da base «V.- Concepto e cómputo dos ingresos das unidades de convivencia», tanto as declaracións do IRPF como as certificacións de imputación de ingresos estarán referidas ao exercicio 2023.
- ✓ No apartado «a) Documentación Xeral:» da base «VI.- Documentación xustificativa a achegar.», a declaración da renda será a relativa ao ano 2023.
- ✓ No parágrafo segundo da base «VII.- Valoración das solicitudes», o baremo quedará redactado da seguinte maneira:
 - ✓ Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, inferior a 8.400 € (referido a 14 pagas): 10 puntos
 - Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 8.400 € e 10.080 €: 8 puntos
 - Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 10.080 € e 12.096 €: 6 puntos
 - Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 12.096 € e 16.934,40 €: 4 puntos

- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 16.934,40 € e 20.998,66 €: 3 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, superior a 20.998,66 €: 0 puntos
- ✓ A base «VIII.- Prezo do aluguer», quedará redactada:
«O prezo do aluguer será 193,24 € ao mes»
- ✓ Na base «IX.- Duración do aluguer» suprímese o seguinte:
«[...] e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, con carácter plurianual.»

Os interesados que reúnan os requisitos esixidos nas bases, poderán presentar unha solicitude de participación no procedemento en modelo normalizado (Anexo I), no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, podendo obterse na páxina web e nas dependencias municipais do concello do Corgo.

Documentación a achegar xunto coa solicitude:

a) Documentación xeral:

- Acreditación dos ingresos correspondentes a cada un dos membros da unidade de convivencia: **declaración da renda** presentadas por cada persoa da unidade de convivencia relativas ao **último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude (2023)**. De non dispor da correspondente declaración por non estar obrigado a tributar por este concepto, deberanse acreditar os ingresos, referidos á mesma data, mediante certificacións de ingresos emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ou mediante certificación da empresa para a que traballan acompañados da vida laboral ou a resolución polas que se conceden axudas públicas. No caso de **persoas receptoras de prestacións**: certificación ou informe emitido polo órgano concedente sobre a contía da prestación percibida.
- Declaración xurada de non ter, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, **unha vivenda en propiedade**, a menos que non dispoña do seu uso e desfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional.
- Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do Libro de Familia; e no caso de estranxeiros NIE.
- Libro de familia: fotocopia de todas as follas do libro de familia para o suposto que figuren todas as persoas que compoñen a unidade familiar. No seu caso, libro de familia das persoas que integran a unidade familiar, no caso de que cohabiten varias familias.
- Certificado de convivencia.
- Declaración responsable das persoas que compoñen a unidade familiar ou, no seu caso, unidade de convivencia.

b) Documentación específica para determinados colectivos:

b.1) Mulleres vítimas de violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare dita situación.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe dos servizos de acollida.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.
- Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.

b.2) Título de familia numerosa:

- Fotocopia do título de familia numerosa, no seu caso.

b.3) As familias monoparentais con fillos:

- Acreditación da citada condición, mediante certificado de convivencia e sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas parteno/materno filiais e libro de familia e fe de estado civil.

b.4) As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida:

- Certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.

b.5) No seu caso, documentación acreditativa da **perda do dereito ao uso da vivenda na que residiran con anterioridade** (sentenza ou resolución xudicial de desafiuzamento en calquera instancia xurisdiccional, etc), ou da **perda das condicións de habitabilidade da vivenda** (informe do técnico municipal).

b.6) Para o caso de unidades familiares ou de convivencia afectadas por **procedementos de execución hipotecaria**, deberán achegar acreditación da admisión a trámite da demanda de execución hipotecaria e certificado do letrado da Administración de Xustiza de que non finalizou o procedemento xudicial.

O Corgo, 21 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0160

LUGO

Anuncio

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse tódolos recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro 20 de xaneiro e ata o 20 de marzo do ano 2025, ambos inclusive, póñense ao cobro en período voluntario os tributos que deseguido se relacionan:

- Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2024.

Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o 27 de xaneiro.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº 197 (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 21 de abril de 2025 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 15 de xaneiro de 2025.- A ALCALDESA, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0161

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de créditos, expediente 559/2024 do orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2024 ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 294 do 21/12/2024), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.524.825,27	1	671.000,00
2	904.955,05	2	100.000,00

3	37.000,00	3	426.000,00
4	52.950,00	4	1.349.681,64
5	0,00	5	3.000,00
6	1.371.992,80	6	0,00
7	400.000,00	7	747.987,34
8	0,00	8	737.474,40
9	93.000,00	9	364.442,93
TOTAL	4.384.723,12	TOTAL	4.399.586,31

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito, expediente 559/2024 do orzamento para o ano 2024, os/as interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 21 de xaneiro de 2025.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0162

A PONTENOVA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025/0020 de data 21 de xaneiro de 2025, aprobouse a Resolución que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto talles, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que os vindeiros días 23 e 24 de xaneiro de 2025, ausentareime do Municipio por una viaxe.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en Isabel Couto González, *Primeiro Tenente de Alcalde* a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os días 23 e 24 de xaneiro de 2025.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada en o *Boletín Oficial da Provincia*, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen nas devanditas normas.

Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, se o considera conveniente.”

O que remito publícase, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

A Pontenova, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 168

O VICEDO

Anuncio

Don Álvaro Sánchez Martín solicita corte da vía pública no lugar de O Sixto, parroquia de San Román do Val, termo municipal do Vicedo (referencia catastral: 0211406PJ1401S0001EE), coa fin de proceder a un entroncamento á rede municipal de auga. De conformidade co preceptuado no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ábrese un período de información pública de 20 días hábiles a efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o expediente e formular as alegacións que teña por conveniente.

O Vicedo, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0163

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz TITULAR de PANTÓN (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

V.- **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. **-Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

- I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,
 II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.
 A Coruña, 20 de xaneiro de 2025.- O Secretrario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0154

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de GUNTÍN DE PALLARES (Lugo).

- I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**
 III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

- IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

- V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

- VI.- **Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

- I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,
 II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.
 A Coruña, 20 de xaneiro de 2025.- O Secretrario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0155

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de BURELA (Lugo).

- I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**
 III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

- IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2025.- O Secretrario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0156

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 17 DE XANEIRO DE 2025 POLO QUE SE APROBA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA VIII EDICIÓN DO CONCURSO FOTOGRÁFICO “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025

BDNS (Identif.): 796732

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796732>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2025, polo que se aproba a ampliación do prazo de solicitudes da convocatoria e bases reguladoras da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, que pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/index>).

1. Na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 8 de novembro do 2024, acordouse aprobar as bases reguladoras e o anexo I (relativo á solicitude de participación) da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

2. O 20 de novembro de 2024 publicouse no BOP de Lugo o anuncio da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) relativo ao Extracto do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 8 de novembro de 2024 polo que se aproban a convocatoria e bases reguladoras da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025.

Como o extracto da convocatoria e bases publicouse no BOP do 20 de novembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes remataba o 20 de xaneiro de 2025.

3. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2025 aprobou a modificación da Base 5ª da Convocatoria da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, que quedaría redactada do seguinte xeito:

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Onde di:

“(…)

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 3 meses naturais, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP de Lugo do extracto da presente convocatoria e bases.

(...)"

Polo tanto, como o extracto da convocatoria e bases publicouse no BOP do 20 de novembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes rematará o 20 de febreiro de 2025.

Lugo, 20 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0157
